

## CERTIFICADO

|                         |                          |
|-------------------------|--------------------------|
| <b>Expediente núm.:</b> | <b>Órgano colexiado:</b> |
| JGL/2026/22             | A Xunta de Goberno Local |

**María Jesús Rodríguez Freire, EN CALIDADE DE SECRETARIA DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR**

### CERTIFICO:

Que, na sesión desenvolvida o 08 de xuño de 2026 se adoptou o seguinte acordo:

|                                                                                                         |                                                  |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------|
| <b>"Expediente 158/2026. Subvencións Directas ou Nominativas ASOCIACIÓN DEPORTIVA ARCADE VETERANOS"</b> |                                                  |
| <b>Favorable</b>                                                                                        | <b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento |

### ANTECEDENTES

1º) As Bases 58ª e seguintes de execución do Orzamento de 2026 e o Anexo de Subvencións Municipais incluído no mesmo se contempla, dentro da **aplicación orzamentaria 341.480** as subvencións nominativas para realización de actividades deportivas.

2º) A ASOCIACIÓN DEPORTIVA ARCADE VETERANOS, presentou solicitude de subvención polo concepto de actividades deportivas: FÚTBOL VETERANOS

Visto que todas as solicitudes presentadas valoráronse por igual, de utilidade pública e interese social, cultural ou deportivo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros, en virtude das competencias delegadas polo Sr. Alcalde por Decreto da Alcaldía nº 2023-0412 de data 26 de xuño de 2023, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Conceder a seguinte subvención nominativa:

| ASOCIACIÓN                                   | ACTIVIDADE              | SUBVENCIÓN CONCEDIDA | PARTIDA        |
|----------------------------------------------|-------------------------|----------------------|----------------|
| <b>ASOCIACIÓN DEPORTIVA ARCADE VETERANOS</b> | <b>Fútbol veteranos</b> | <b>840,00€</b>       | <b>341.480</b> |

**SEGUNDO.** Facultar ao Sr. Alcalde para o asinamento dos correspondentes Convenios coas distintas asociacións.



**TERCEIRO.** O prazo de xustificación destas subvencións será o establecido no Convenio.

**CUARTO.** A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, co límite de que a suma de todas elas non poderá superar en ningún caso o custo total da actividade subvencionada."

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

